


## O tributo humano de Cangas ao mar (VI)

---

O historiador lembra una veintena de traxedias por naufraxios ou accidentes no mar na época do franquismo



*O bou "Julio Vieira" de Vigo. // ARQUIVO DO AUTOR*

**Xerardo Dasairas\***

09-04-23 | Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2023/04/09/o-tributo-humano-cangas-ao-85785598.html>

### **O naufraxio do "Nueva Viví"**

Sobre as oito e media da tarde do 13 de febreiro de 1962, afundiría en Punta Subrido o barco sardiñeiro "Nueva Viví" de Cangas ao colisionar con el **o bou "Julio Vieira" de Vigo**. **Este mesmo barco, no que tamén ían tripulantes cangueses, rescataría a dez dos tripulantes** que sobreviviran nadando e na chalana auxiliar. A pesar da busca realizada polos gardapescas, acabarían afogados no mar, o patrón Narciso Rodríguez Refojos, o motorista Bernardo Rodal Vidal e os mariñeiros Ángel Martínez, José Soliño Bastos, Rafael Bonet Soliño, Evaristo Vilariño Rodal e Francisco Cordeiro Leiro que deixaron viúvas e fillos. A prensa destacaría a acción heroica de dous mozos supervivintes que conseguiron rescatar coa chalana de a bordo a catro compañeiros.

Nos primeiros días de xaneiro de 1963 dase noticia da desaparición en augas do Gran Sol do mariñeiro **Ángel Iglesias Marcos de 54 anos, ao varrelo unha gran onda da cuberta do pesqueiro "Massó 28"**. O infortunado mariñeiro deixaría viuva e catro fillos. O 15 de agosto deste ano cando faenaba na costa portuguesa o pesqueiro - baca "**Carolina Figueroa**" foi arrastrado polo aparello, o mariñeiro de Lubrei (Hio) Serafín Martínez Piñeiro de 23 anos perecendo afogado a pesar dos esforzos dos seus compañeiros.

Na mañá do domingo **19 de abril de 1964 perecería afogado o mariñeiro de Aldán Fermín Vaqueiro de 54 anos cando pescaba**. O seu corpo foi rescatado e levado a porto polo barco pesqueiro "Piedra" de Serafín Costas do Hio. Cara a mediados de setembro **desaparecería no mar Antonio Pereira Vieites de Darbo cando faenaba no pesqueiro "Urroz"** en augas de Canarias.



*Motopesqueiro "Quo Vadis". Arquivo do autor*

En agosto de 1966 falecería de accidente en **Peniche M. Martínez Piñeiro de Aldán cando faenaba no pesqueiro "Charme"** e poucos días despois M. Martínez Hermelo, tamén de Aldán, quedou atrás (caeu ao mar?) cando faenaba no "Praia de Lapamán". No ano seguinte, o 6 de xuño, sería o arrastreiro ao bou "Denís" quen, ao rebentarlle o motor na altura de Sálvora, pagase o seu tributo ao mar, cobrando este as vidas de dez mariñeiros de distintos puntos da Rias Baixas, **entre eles o cangués Adelino García Costas de 35 anos e casado.**

**O 10 de setembro de 1968** tería lugar en Cabo Home, mentres faenaban con mal tempo, **o naufraxio da motora "Ángel" con tripulación de Meira da que só se salvaría un dos sete tripulantes.** O 7 de maio de 1969 perdeu a vida ao caer ao mar Ángel Vaquero Pardavila, natural do Hío de 54 anos, cando faenaba **no barco "Pardavila" entre Ons e a Toxa.** O ano 1970 foi funesto para a familia mariñeira canguesa pois o 5 de xuño falecería en accidente, o capitán de pesca Joaquín Mallo Martínez que contaba 38 anos de idade; o 9 de agosto chegan noticias de Ecuador sobre a morte de **Jaime Molanes Tievo, mariñeiro de Cangas, solteiro de 22 anos, que traballaba no bacalloeiro vasco "Playa de Bermeo"** e o 13 de decembro sería **José García Malvido de 38 anos,** casado e con dous fillos quen perecese abrasado nun incendio a bordo do barco de pesca "Lequeitio I" matriculado en Pasaia.

As tres da tarde do día 12 de febreiro de 1973, **unha gran onda arrebatou da cuberta a catro tripulantes do "Saudade" que pescaba á parella no Gran Sol co "Cristo de la Victoria",** ambos con base en Vigo. Na busca só se pudo rescatar a un xoven mariñeiro de Bueu de 22 anos que faleceu no barco e entre os outros tres desaparecidos no mar figuraban o contramestre Ernesto Vilariño Sotelo de 32 anos, veciño de Cangas, casado e cun fillo e o mariñeiro Luis Iglesias Iglesias, tamén de Cangas, casado e con dous fillos. O terceiro desaparecido tamén era un mozo de Bueu de 16 anos.

Neste mesmo ano e ás catro da madrugada do día 7 de agosto, **o petroleiro español "Móstoles" abordaría ao pesqueiro "Harvest del Mar" en augas de África do Sur, perecendo os seus catorce tripulantes, case todos galegos pois estaba participado por Pescanova.** Entre os desaparecidos figuraban o engraxador Manuel Villar Castro e o mariñeiro Manuel Villar Sotelo, único cuxo cadáver foi rescatado na primeira busca.



*Bacallaeiros e imaxe de Serafín Canosa, que morreu en accidente no “Mar de los Sargazos”. Arquivo do autor*

A comezos de maio de 1974, altos cargos de “Casa Mar” desprázanse ao Piñero - Aldán para comunicarlle aos pais de Serafín Canosa Vidal, mozo de 23 anos, o seu falecemento en accidente en augas de Terranova. Este mozo partira enrolado o 9 de xaneiro no bacalloeiro “Mar de los Sargazos” (facía parella co Mar de África) e o seu corpo foi trasladado a Saint Pierre et Miquelon para a súa repatriación. Na madrugada do 30 de xullo vai naufragar a sesenta millas de Villa Cisneros no Sahara español, o motopesqueiro conxelador Quo Vadis? perecendo 18 dos seus 22 tripulantes. Entre eles estaban dous de Moaña, un deles o segundo maquinista Jesús Soage Rodríguez, o patrón de pesca de Cangas Evaristo Fandiño Bermúdez de 58 anos, que deixa viuva e dúas fillas e o do marmitón Avelino Prieto Freire tamén cangués.

O 26 de agosto deste ano, outro barco da Sea Harvest Co., filial de Pescanova en África do Sur, foi abordado por un mercante liberiano cando recollían as redes ao mediodía. O “Harvest Pluto,” construído en Vigo, andaba á pesca da merluza á parella naquelas augas co Harvest Meteor. Dos seus catroce tripulantes desaparecidos, dez eran galegos e entre eles estaba o mariñeiro José Fernández Barreiro de 40 anos de Outeiro de Balea que deixaba viuva e dous fillos.



*O barco “Harvest Pluto” que andaba á merluza en África. Arquivo do autor*

Despois de atracar en Cangas o pesqueiro “Pino Ladra”, que viña de Vigo de cargar xeo para saír á palometa, desapareceu sobres ás seis da tarde do mércores día oito de xaneiro de 1975, o mariñeiro Benito Vidal Broullón de 62 anos e veciño de Cimadevila. Dous días despois, un dos mergulladores que o buscaba atopou o seu corpo perto do dique de abrigo e a causa deste trágico desenlace foi atribuída a un accidente ou esvaecemento ao baixar do barco en último lugar. Deixa viuva e catro fillos. A finais de marzo pereceu arrastrado por unha onda, o mariñeiro de Darbo, Juan Lemos González, casado de 38 anos, cando se dedicaba a recolleita de percebes en Donón. O seu corpo foi localizado por barcos que andaban na súa busca.

### O “San Martín”

Sobre o naufraxio deste barco o 25 de agosto de 1977 non imos estendernos, remitindo aos lectores ao artigo xa publicado (FV 27-8-2017) con motivo de se cumpriren corenta anos deste lutuoso, trágico e sentido naufraxio no que o mar se cobrou once vidas. Nesta data tamén chegaría noticia desde Santa Cruz de Tenerife da morte en accidente laboral do mariñeiro cangués Manuel Gago Soliño.



*Náufragos do “San Martín” acaecido o 25 de agosto de 1977. Arquivo do autor*

### O “Marbel”

E damos final a este memorando lutorio, sempre incompleto, con outro naufraxio de grande magnitude como foi o do “Marbel”, ocorrido o 28 de xaneiro de 1978 ao lle estoupar o motor no medio dun forte temporal e esfarelarse contra os cantís das Cies. Dos seus 36 tripulantes só salvarían nove (catro de Cangas) perecendo os outros 27, cantidade de vítimas que superaba en número ás xa habidas anteriormente na ría e que agora, baixo un sistema democrático, abriría de novo a polémica sobre os obsoletos sistemas de salvamento e seguranza marítimos.



*O "Marbel" e protesta en Vigo polo naufraxio. Arquivo do autor*

### **A solidariedade fronte á carencia de seguros (V)**

Coa creación dos pósitos, os afiliados a estas entidades comezarían a contar cun seguro que contemplaba os casos de morte por accidente, aínda que moi escaso na súa indemnización, e o de afogamento que era o máis frecuente, aínda máis precario. Coa chegada da República creárase o Instituto Social de la Marina pero pouco había de mudar esta situación e mesmo podemos constatar como en 1931, **o delegado en Cangas da Caja Regional del Patronato de la Vejez del Marino, José Rodríguez Rivera, seguía entregando libretas anuais de escasa pensión vitalicia (365 pts./ano) a algúns mariñeiros, pensións anuais (25/50 pts.) ou escasos donativos.** En maio de 1934 quedou constituída a Mutuality de Accidentes del Mar y del Trabajo pedindo a mariñeiros e armadores a súa afiliación pois a partir desta ningún barco e tripulantes poderán saír do porto sen acreditar a súa pertenza a unha mutua (podía ser privada) e ter as cuotas ao día. A finais de 1935 denúncianse connivencias e incluso unha trama entre armadores e mutuas, pedindo que se deixe que os mariñeiros escollan onde sanar as súas doenzas.



*Entrega de pagas de Vejez del Marino no cine de Cangas, 1927. Arquivo do autor*

**Xa na época franquista, promulgaríase un decreto en setembro de 1943 que contemplaba unhas Normas para la Aplicación del Régimen Especial de Seguros Sociales Obligatorios en las Actividades de la Pesca.** Baixo o paraugas do Ministerio de Trabajo e cun convenio entre o Instituto Nacional de Previsión e o Instituto Social da Mariña créanse novos subsidios familiares, de vellice, de paro de viudedade... pero moi complicados de outorgar pois aínda seguían imperando entre armadores e mariñeiros, os chamados convenios ás partes...

Na actualidade e a parte doutras indemnizacións que non teñan solapamento con esta, a Xunta de Galicia, máis recentemente (setembro 2019) téñ estimado un subsidio de 3.000 € para a parella da ou do falecido no mar e 1.000 € por cada fillo, afectándolle isto a todos os mariñeiros galegos que naveguen en barcos de calquera bandeira. Os mariñeiros extranxeiros que naveguen en barcos galegos e as/os mariscadores e bateiros tamén están cubertos polo mesmo subsidio. **Nos últimos trinta anos, os operativos de salvamento teñen mellorado moitísimo a respecto das épocas que viñemos relatando, con medios, materiais e sistemas de seguridade, alerta e comunicación.** Actualmente, **todos os barcos de máis de quince metros deberían estar, en teoría, localizados por satélite mediante o sistema AIS (Automatic Identification System)** que permite localizar, identificar e coñecer o rumbo e velocidade das embarcacións conectadas. Mais, contodo, os océanos, mares e rias aínda continúan a cobrarse, sen lugar nen data concretos, o seu tributo inapelable de vítimas humanas... ás cales, desde aquí quixemos render a nosa particular lembranza e homenaxe.

**(\*) Historiador e mestre de Cangas**